

## Máster universitario en Enxeñaría Aeronáutica


O Máster universitario en enxeñaría aeronáutica da Universidade de Vigo é un título oficial que habilita para exercer a profesión de enxeñeiro/a aeronáutico, en virtude do establecido na Orde CIN/312/2009, do 9 de febreiro (BOE, 18 de febreiro de 2009).

### Datos básicos da titulación

Centro responsable: Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo  
Número de créditos: 120 créditos ECTS  
Duración dos estudos: 2 cursos académicos  
Modalidade da docencia: presencial  
Número de prazas de novo ingreso: 20  
Profesión regulada para a que capacita: enxeñeiro/a aeronáutico

### Para máis información

Web: [aero.uvigo.es](http://aero.uvigo.es)  
Enderezo electrónico: [aero.info@uvigo.gal](mailto:aero.info@uvigo.gal)  
Tfno.: 988 387 214



Universidade de Vigo


Escola de Enxeñaría  
Aeronáutica e do Espazo  
Campus Ourense

Tel.: 988 387 214  
[aero.uvigo.es](http://aero.uvigo.es)  
[aero.info@uvigo.gal](mailto:aero.info@uvigo.gal)



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría  
Aeronáutica e do Espazo



## Máster universitario en Enxeñaría Aeronáutica

Por ser funcións xenuínas da técnica aeronáutica, o título de enxeñeiro/a aeronáutico é o único que faculta para o exercicio das misións seguintes:

- O proxecto, comprobación e ensaio técnico-experimental en terra, mar e aire dos modelos e dos prototipos de material aéreo destinado ao Estado ou aos servizos públicos. Este material comprende as aeronaves, aeromotores e calquera medio de propulsión e de transporte a través do aire.
- A dirección, organización e realización das instalacións experimentais oficiais para investigar o citado material aéreo, así como a información e a normalización concernentes a este; todo iso coas colaboracións consideradas convenientes.
- O asesoramento técnico e o informe relacionados co material aéreo a autoridades e a entidades oficiais ou particulares que o soliciten.
- A expedición de certificados de navegabilidade, inspección e revisións periódicas ou extraordinarias do material especificamente aeronáutico, así como toda clase de peritaxes realizadas con este e calquera que sexa a causa que as determine.
- A inspección da fabricación nas industrias que dedican as súas actividades fundamentais á construción e á reparación do material aéreo ou á fabricación dos seus elementos con carácter oficial.
- A dirección técnica e o exercicio das funcións e dos cargos de técnica xenuinamente aeronáutica dos establecementos industriais de carácter oficial ou subvencionados, dedicados fundamentalmente á construción, entretemento ou reparación do material aéreo de todas as clases.
- Proxectos técnicos de conxunto e das instalacións especiais considerados esenciais, así como a inspección correspondente; todo iso relativo ao material para liñas aéreas, aeroportos e aeródromos de todas as categorías, incluíndo as pistas e os dispositivos de saída e de chegada, obras de infraestrutura, instalacións de balizamento, iluminación, comunicacións e demais servizos auxiliares deles.
- Os proxectos técnicos de conxunto relativos ás instalacións das redes, elementos e servizos de protección de voo, así como a inspección correspondente.
- A dirección do ensino técnico relacionado coas materias de competencia do enxeñeiro/a aeronáutico e a formación e a instrución do persoal técnico auxiliar.

### Requisitos de acceso

As solicitudes de admisión clasificaranse en dous grupos:

- Grupo 1. Título universitario oficial que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico aeronáutico.
- Grupo 2. O estudantado procedente dos títulos dos graos debaixo indicados poderán acceder ao mestrado no caso de que queden prazas vacantes non cubertas no suposto anterior. A comisión académica do mestrado ordenará o devandito estudantado segundo o seu expediente académico e este deberá realizar os complementos formativos indicados.

Titulación de acceso:

- Grao en Enxeñaría Industrial (especialidade Mecánica) (Orde CIN/351/2009)
- Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
- Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica (Orde CIN/350/2009)

Complementos formativos:

- Mecánica de fluídos II e CFD. Terceiro curso (9 ECTS)
- Aerodinámica e aeroelasticidade. Terceiro curso (9 ECTS)
- Mecánica do voo. Cuarto curso (6 ECTS)

### Crterios de admisión

Para cada un dos grupos, os/as candidatos/as ordenaranse pola nota media do expediente. No caso de non cubrirse a cota dalgún dos colectivos poderá completarse con estudantes do resto de colectivos.

Realizarase unha reserva de prazas de polo menos o 5 % para estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, así como estudantes con necesidades de apoio educativo permanentes, tal e como establece o RD 822/2021.

### Plan de estudos

Módulos:

- Vehículos aeroespaciais 26,5 ECTS (OB)
- Sistemas de propulsión 21,5 ECTS (OB)
- Sistemas de navegación e circulación aérea 12 ECTS (OB)
- Enxeñaría aeroportuaria e organización aeronáutica 12 ECTS (OB)
- Especialidade: sistemas espaciais 36 ECTS (OP)
- Prácticas externas 6 ECTS (OB)
- Traballo de fin de mestrado 12 ECTS (OB)

	Semestre	ECTS	Carácter
<b>Primeiro curso</b>			
Aerodinámica e aeroelasticidade avanzadas	1	6	OB
Materiais e produción aeroespacial avanzados	1	9	OB
Deseño, cálculo e certificación de aeronaves e vehículos espaciais	1	9	OB
Mecánica de fluídos avanzada	1	6	OB
Dinámica de voo	2	6	OB
Cálculo avanzado de estruturas aeroespaciais	2	6	OB
Deseño, cálculo e certificación de sistemas de propulsión aeroespaciais	2	6	OB
Sistemas avanzados de navegación aérea	2	6	OB
Aviónica	2	6	OB



	Semestre	ECTS	Carácter
<b>Segundo curso</b>			
Xestión de proxectos espaciais	1	6	OP
Contorno espacial e análise de misión	1	6	OP
Sistemas mecánicos, térmicos e eléctricos espaciais	1	6	OP
Software crítico para sistemas espaciais	1	6	OP
Sistemas de telecomunicación espaciais	1	6	OP
Sistemas de observación espacial	1	6	OP
Sistemas de control de órbita e actitude	1	6	OP
Ciencias do espazo	1	6	OP
Propulsión espacial	1	6	OP
Intelixencia artificial en enxeñaría espacial	1	6	OP
Desenvolvemento de infraestruturas aeronáuticas	2	6	OB
Explotación do transporte aéreo	2	6	OB
Prácticas externas	2	6	OB
Traballo de fin de mestrado	2	12	OB

OB: Obligatorias OP: Optativas